

## ESTRUTURA E USO DA BIBLIOTECA

Dividimos a biblioteca en dúas seccións:

- ✓ Unha para **galego**.
- ✓ Outra para **castelán**.



Os libros de linguas estranxeiras están incluídos dentro da sección de castelán, no armario 1.

En cada sección hai dúas zonas:

- ✓ **Consulta**: onde o alumnado pode adquirir información, ler, preparar traballos...
- ✓ **Préstamo**: poden coller o libro que desexen.

Os libros están seleccionados por **estantes e cores** segundo o tipo de lectura aconsellado para as **diversas idades**.

O alumnado de primaria utiliza principalmente o servizo de préstamo da biblioteca.

O alumnado de secundaria pode utilizala sempre que a necesite pero deberán estar acompañados dun profesor. Teñen a posibilidade de aproveitar o servizo de préstamo de libros de lectura e tamén poden acceder aos de consulta (enciclopedias, libros específicos da materia...)

En caso de utilizar a biblioteca fóra do horario establecido, un profesor ou profesora debe acompañar ao alumnado.

O profesorado pode utilizala sempre que o desexe.